

BOLETÍN 2 – TEMA 2

1. O doutor Anchoa está palpando a columna vertebral de Xesús para determinar se este está comezando a mostrar escoliose. Que parte ou que zona das vértebras está tocando a medida que percorre cos dedos a súa espiña dorsal?
2. Tras padecer un intenso catarro acompañado de conxestión nasal, Marta refire unha cefalea frontal e dor na parte dereita da cara. Que estruturas óseas foron probablemente afectadas polas bacterias ou virus causantes do catarro?
3. Unha muller de 75 anos e a súa neta de 9 tiveron un accidente de tren no que ambas sufriron un traumatismo torácico mentres estaban sentadas xuntas. As radiografías revelan que a avoa presenta varias costelas fracturadas, mentres que a neta non tiña ningunha. Explica estes resultados tan sorprendentemente (?) distintos.
4. Debuxa as curvaturas espiñais normais e, a continuación, as curvaturas que caracterizan a escoliose e a lordose.
5. A parte das vértebras torácicas que articula cas costelas é: a apófise espiñal, a apófise transversa, as apófises articulares superiores, o corpo, os pedántidos.
6. Que óso do brazo corresponde ao fémur da perna?
7. Cando unha persoa senta, faino sobre...? Acetábulo, cabezas dos fémures, cristas ilíacas, isquion, sínfise pubiana
8. Cal dos seguintes ósos ou partes óseas se articulan co fémur? Rótula, tibia, isquion, peroné.
9. Que óso facial forma o queixo? O pómulos? As pontes óseas das cellas?
10. Enumera tres consellos para manter unha boa hixiene postural.
11. Cal ou cales destes ósos forman parte do cranio? Cúbito, temporal, isquion, occipital, etmoides.
12. Cal destes ósos non se articula con ningún outro? Maxilar, hioides, mandibular, vertebra, peroné.
13. Que ósos son responsables de encaixar a columna vertebral co cranio?
14. Para cada un dos seguintes ósos, di: a súa localización, outro óso co que estea en contacto e que tipo de articulación se dá entre eles: parietal esquerdo, maxilar inferior, vértebra T3, corpo do esterno, omoplato, escafoides, fémur, falanxe media do dedo corazón do pé esquerdo.
15. Que é o arco cigomático?

16. Normalmente hai sete: vertebrae cervicais, vértebras fusionadas para formar o cóccix, vértebras lombares, vértebras fusionadas para formar o sacro, vértebras torácicas.
17. Cal é a diferenza entre a artrite e a artrose?
18. Para as cavidades glenoidea, sigmoidea, escafoidea e cotiloidea, indica a que óso pertencen e que óso se inserta nelas.
19. Cal é o nome da décimosegunda vértebra máis cranial do corpo?
20. En que se parecen a rótula e a apófise olécranon?